

CONCURSO CABAZAS DE SAMAIN

BASES DO CONCURSO DE CABAZAS DECORADAS DO SAMAIN

1. OBXECTO:

Dar visibilidade ao comercio local e asociacións comerciais da vila de Cangas, e promover as tradicións culturais.

2. PARTICIPANTES:

Poderán participar nas seguintes categorías:

Categoría A.- rapazada de entre 4 e 14 anos.

Categoría B.- Persoas de 15 anos en adiante.

3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

As persoas que desexen participar deberán acudir **o venres 31 de outubro de 2025 coa súa cabaza decorada de 9 a 12 horas á conserxería do Concello**. A cabaza non conterá ningunha marca, pegatina, publicidade ou reseña da persoa autora da decoración.

Cada cabaza entregárase cunha ficha que se achega como Anexo I.

O persoal designado polo Concello de Cangas recepcionará as cabazas e asignará a cada unha delas un número co que participará no concurso e, deste xeito, garantir o anonimato.

4. XURADO E CRITERIOS DE VALORACION:

O xurado estará composto por:

Presidenta. Concelleira de Promoción Económica ou persoa en quen delegue.

Secretaria: Axente de desenvolvemento local do Concello de Cangas ou persoa en quen delegue.

Vogal 1: Presidenta de ACICA ou persoa en quen delegue.

Vogal 2 Presidente de Cangas Vella ou persoa en quen delegue.

Vogal 3 Técnica de cultura do Concello de Cangas ou persoa en quen delegue.

O xurado deberá valorar os seguintes criterios:

- Calidade do traballo: de 0 a 10 puntos
- Creatividade: de 0 a 10 puntos
- Orixinalidade: de 0 a 10 puntos

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúna os méritos suficientes para seren premiados.



ACICA
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES
E INDUSTRIAIS DE CANGAS



Concello de Cangas

O xurado terá competencia para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

O ditame do xurado darase a coñecer o venres 31 de outubro mediante publicación nas redes sociais do Concello de Cangas e FECIMO.

5. PREMIOS:

O importe dos premios será o seguinte:

- **Categoría A:** vale de compra de 50€.
- **Categoría B:** vale de compra de 50€.

Os premios entregaranse o venres 31 de outubro ás 20:30 horas no Palco da Música da Alameda Vella.

6. PUBLICIDADE:

As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas e de FECIMO.

Cangas, 15 de outubro de 2025.



ACICA
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES
E INDUSTRIAIS DE CANGAS



Concello de Cangas

ANEXO I

FOLLA DE INSCRIPCIÓN CONCURSO CABAZAS

Marque o que proceda:

- ☐ **Categoría A.-** rapazada de entre 4 e 14 anos.
- ☐ **Categoría B.-** Persoas de 15 anos en diante.



NOME E APELIDOS:

DNI:

IDADE:

ENDEREZO POSTAL:

LOCALIDADE:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

Cangas, 31 de outubro de 2025

Asdo:



ACICA
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES
E INDUSTRIAIS DE CANGAS



Concello de Cangas